

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

Os mandamentos d'o Marcos fora d' airexa, son seis: facer á todos xusticia, non casarse con ninguén, falar o gallego enxebre, cumprir c'o que manda a ley, loitar pol-o noso adianto con antosiasmo e con fé, vestir calzós e monteira per omnia sécula amen.



Teñen os pobos a gala n-o sen languaxe faiar: fábase chino n-a China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e n a Alemaña, alemán, soño os gallegos d' agora hastra vergonza lles dá falar a melosa e dulce fala que falan seus país.

## N-A CADEA.

Ano séntimo

Ourense 25 d' Agosto de 1885

Parrafeio noventa e dous

### POL-AS REIXAS.

Sair saíulle o tiro pol-a culata: errouna como de costume n-as suas contas aquel anaco d' alpabarda que se lembra Falparron. Levado pol-a xenreira que me colleu por lle falar como Dios manda que se fale co-as bestas, qrellouse de min pra que pol-o menos me botasen á presidio, e non sabe canto ll' agradezo a falcatrúa, porque n-os tempos que voan, n-estes tempos en que os microbios esboiran á tantos cristianos, en que se cobran os trabucos á balazos, en que Cos-Gayola espreme de renegon n-o presupuesto que se volveu n-as suas maus unha laranxa, en que os que rouban por xunto non son habidos, en que as cárceres s' enchen d' homes que teñen ideas n-o cerebro y-as oficinas d' o Estado de zumezugas sin meolos; n-estes tempos en que namentres que os probes agonían y-entretéñense os manates en andaren de riola pol-o estranxeiro, ou en seguirlle a pista ós coellos, paspallás e lebres pol-o monte, ven á ser un alabar á Dios vivir á sombra pra non verse un misturado co-esa xenitiña que anda solta porque s' estila, ou porque a xusticia d' a terra ten cataratas n-os ollos.

Esto n-o tocantes á concencia, que pol-o que fai ó corpo pintalle ben libralo d' a raxeira d' o

sol e gardalo d' as troulerías d' o mundo libre. De seguiren as cousas pol-o camiño que levan, d' eiquí á pouco serán as cárceres unha casta de mosteiros civís ond' os homes de ben, os que non se rixen pol-a nova e non se afan a poñeren carántulas n-este antroido social, vivirán recrusos en comunidade feliz meditando n-a catívez d' as cousas terreas, pedindo á Dios pol-a redencion d' os servos d' a fanfurríña e d' a soberba e facendo poste no patin d' este inferno pra que cando sea servido chamarnos á xuicio nos alcotren todol-os santos e todol-os ánxeles n-a sua gracia, e non s' apoña san Pedro á que traspoñamol-as portas d' o ceo, coidando que somos d' os d' a cuchumillada falparroeira. Alá vai unha vintena d' esta tempada de baños de sombra. Vinte garabanzos de menos n-a faltriqueira e vinte de mais rillados pol-os dentes d' os ratos. N-o primeiro *resultando* non prenden; agáchanlle o fuciño e recúan como si cheirasen amoniaeo ou cousa pol-o xeito que non para nin n-as ventas d' as narices. Con duas alancadas d' estas, pónome d' un brinco en calquera turreiro entr' un fato de rapaciñas churrusqueiras d' esas que arman gayolas amorosiñas n-as que se deixan cair á propóseto algús gorriós, xilgaros, melros e outros páxaros de pinta.

Eu como podo vouna turrando. ¿Y-o Falparron? Arestora alcontrarase acabadiño com' as botas de Lagóa, e como de novo non turre por él o Machocampana, leve xunceras si vai pr' a diante. Acostumado á campar d' alcalde, pois en pouco tempo entroulle a costume d' alcaldía pol o ollo... dereito, non s' afai á infrar os bofes poñendo a embocadura n-o cornetín nin as suas maus poden co-a agulla de coser ó ganduxo. Xa se vé, dempois de botar remendos n-as autas e de dar pitadas n-as sesiós, ¿quén volve tendo vento en troques d' o xuicio n-a cabeza, á remendarlle cirrolas ós labregos y-a estrondarlle ós señores abades os oubidos co-as alboradas d' a murga de Banga?

Digan o que queiran, cando n-o derradeiro ano fun ó Carballiño, entopecei e' un burro qu' era muy burro pr' alcalde; afroxáronsell' os aparellos e como non m' asegurei n-os estribos apeeime pol-as orellas vindo á cair de fuciños n-a chirona; pero n-o tocantes ó burro que foi a causa d' o meu entopezon, pagar, pagounas: xa non-o levan pol-o ronزال n-a alcaldía; non campa e' aqueles aparellos de señorito e faulle dar cada corrida en pelo, que todol-os ferradores de Galicia póndose á traballar pra él á feito non deran abasto as ferraduras de pacotilla que consume n-os viaxes que fai á Ourense pra ver por un si acaso si asegundan o milagre d' empoleirar á un burro, co-a licencia de vosté—e baixa Maripepa o candil, que acaba de soltar un couce e non sei si deu en min ou n-a parede.—

¿Mais quen pensa n-elo? ¿Cicais o trote d' os burros se sostén n-o poleiro? Inda que adoeza, inda que o levan todol-os diaños pra metelo n-as forxas e dempois de lle bater o cobre á satisfacion e con arte o saquen feito de novo com' unha aixada n-as maus d' un ferreiro; inda que as areniñas d' o mar se volvesen por encantamento maestros d' escola e todol-os átomos d' a terra cartillas d' os cristos pra ensinalo, non deprenderá nin migalla de sentido comun, pois non pasa de ser un home en estado de canuto, un ninguén de pacotilla pr' o caso de facer bulto n-o mundo, un cornetín fósil, un xastre con agulla com' o para rayos d' a catredal, un *quis vel quid* d' a vila, un *rara avis* d' o museo fenomenal d' o porvir, un múseco de murga feito de presa e correndo como se fan unhos zocos, unha cousa con cédula persoal, un representante d' a humanidade en pasiva, un verbo d' a gramática parda, unha mioca de cristiano, un aduanante d' os d' a volta d' abaixo, unha figa d' o mundo, un cataprasma

d' as cirigolas d' o distrito, y-un perdoavidas d' os que lle busecan o bulto, capaz de facer boas todas las simprezas que se fixeron dende Calomarde hastra Cánovas.

Co-estas deluvas iráse pondo limpo namentres eu cobrando nove cadelas por estar mau sobre mau como si fose un empregado, vou alixeirando a cadea e dispóndome á facer outro viaxe ó Carballiño, onde Dios diante teño idea de botar un fandango co-a Maripepa namentres bota os bofes á tocar n-o cornetín o múseco d' a murga de Banga.

E non hay que armarme algueradas n-o turreiro, porque alí eu son o que campo e trunfo, e si alguen se m' estreve, desfalparronizo á todol-os mozos d' o Carballiño.

¿Quén m' a empata, barau! ¡Viva a rábea!

## DUAS ALMAS AMIGAS.

Ó XOVEN E GALANO ESCRITOR GALLEGO WALDO ALVAREZ INSUA.

*Dichoso aquel que no ha visto  
más cielo que el de su patria,  
y anciano duerme á la sombra  
do pequenuelo jugara.*

A. LISTA.

### I

Era unha noite de lua,  
noite calada y-amena,  
d' esas noites que se ven  
nada mais que cando xea  
alá en Decembre e Xaneiro  
cand' ás fiadas y-ás festas  
van os homes por camiños  
e por congostras estreitas  
aturuxando, de modo  
que tremen as carballeiras.

Como xa vos levo dito,  
esta noitiña serea,  
non s' oubian aturuxos  
nin cousa que se pareza.

Dormido facia o vento,  
dormid' a natureza,  
e dormidol-os rapaces  
qu' aturuxan n-as aldeas.

Pro namentres que n-o leito  
descansaban d' a facenda,  
un rapaz e unha rapaza  
sentadiños n-unha pedra,  
ó pé d' unha cruz estaban  
achegadiños e en vela.

Com' a lua, n-os seus ollos  
brilaba fonda tristeza,  
y-él ás veces sospiraba  
e bágoas vertía ela.

—Pro cala, decíall' él,  
non chores, non teñas pena,  
qu' é forza muller que marche  
e vaya ver s' esa terra  
é o mesmo que n os meus sonos  
ás veces se me somella.

—¿Cómo queres que non chore,  
repticaba enton a nena,  
se m' estás o corazón  
partindo febra por febra?

—¿Pro qué queres?  
—Que non vayas,  
que non deixes esta terra  
porque s' a deixas, cal outros,  
non volverás mais á ela,  
y-enton, ¡Asús, coitadiña,  
eu morrereime de pena!

—Pro muller!...  
—O dito, dito,  
s' é que me queres.

—Pro pensa  
que de pequen' alí puxen  
miña esperanza suprema,  
e cal por tí, dend' estonces  
tamen sospiro por ela.

¡Eu quero ver esos mundos!  
¡Eu quero ver esa América!...  
¡Quero traspör esos mares  
qu' o meu afan encadean!

—¡O mar, o mar!... Tí non sabes  
cantos doores s' albergan  
tras d' ese mar que os esconde  
con longo pano de nebra.

A soedá, o abandono,  
e mail-a febre bermella,  
son o agasallo primeiro  
qu' as d' atopar n-esa terra.

E cando véxaste lonxe  
d' os que choremos tu' ausencia,  
has de sentirte morrere  
de moura e fonda tristeza,

que cando n-haxa remedio  
recordaraste con pena  
d' esas veiguiñas ond' ontas  
rindo esvarou tua existencia.

E dobrarás desfallido  
riba d' o peit' á cabeza,  
com' esas tardes que morren  
choupas en luz amarela.

Dempois... irás pouc' á pouco  
perdend' o amor á esta terra,  
así... cal vaise perdendo  
tras d' hourizonte unha vela.

Que cand' o peito non garda  
unha esperanza xiquera,  
o corazón desfallece  
y-os sentimentos s' enervan.

Log' outro afan, outras ánsias  
espertarán tua inocencia,  
y-entr' as pasiós que t' acosen  
daraslle cebo á riqueza.

—Xúzgasme mal.

—Non son eu;  
é quen te xuzg' a esperencia  
que temos todos aquí  
d' os que se van pra esa terra.

—Engánaste: os meus tesouros  
e tod' a miña riqueza,  
eres tí, o consoliño  
d' a miña prob' existencia.

Tí, o meu sol, miña lua  
que brila en noite serena,  
y-os carabeles y-as frores  
d' o meu camiño pratea,

Tí o meu mund' o meu ceo,  
tí miña fé, miña crencia,  
que por meu ben xa m' o salvan  
ou por meu mal me condenan.

Eu esquenceme de tí?  
Esquencer eu miña terra?...  
¡Féndanme rayos acesos  
denantes que me soceda!

—Non xures, home, ¿non ves  
qu' á Dios ofendes?

—Dispensa;  
pro cando disme tí eso,  
perdo, meu sol, a pacencia.

—Falemos, pois, d' outra cousa  
xa qu' o demais che molesta:  
¡Ave María, qué noite!  
¿Non sintes tí, como xea?

Chégat' a min ¡fai un frío!  
ansí, un pouco mais cerca,  
e deita, si che parece,  
sobr' o meu colo a cabeza.

Ay! amoriño d' a yalma  
que pouco tempo nos queda  
d' estar así, com' agora,  
xuntiños, solos y-en vela!

¿Tos sono? Durme meu ben

qu' eu estaréime desperta  
gardando amante o teu sono  
mentras qu' o dia crarexa.

## II

—Esperta meu garridiño,  
esperta qu' asom' o dia  
alá n-o cabo d' o mare  
por entr' a espesa nebrina.

Esperta que sai-o sole  
d' o leito donde dormia  
e vay rubindo, rubindo  
por brancos crespos enriba.

Esperta que x' os veciños  
yan todos pra laboría;  
e tiritando, pousados  
n-a sebe os paxaros chian.

Esperta, pro non espertes,  
durm' aínda mais, miña almiña,  
que mentres dormes, non sintes  
as amarguras d' a vida.

—¿Qué dís... Qu' é tarde?... É verdá!  
Pro que mañá tan tristiña!  
Semella o sono que tiven  
riba d' as tuas rodillas!

—Con quén soñache?

—Soñei  
c' unha pantasma muy linda:  
eu atopábame lonxe  
d' a miña terra e sentía  
ansias de vel-a e de verte  
com' aínda nunc' as sentira.

Y-o erguer os ollos ô ceo  
vexo n-os aires tendida  
unha muller ¡qué muller!  
¡te admiraras si-a viras!

C' us cabelazos muy longos  
qu' o vento ceibos movía  
como se moven n-as quedas  
augas d' o rio as anguiás.

Y-us ollos grandes y-ardentes  
d' o còr d' a noite sombría,  
y-a test' erguid' e nacrada,  
y-a face descolorida.

Eu medorento, asombrado  
lle perguntei que quería:  
nada me dixo... deu volta...  
despois... perdina de vista.

Logo n-os aires sonou  
unha voz rouca e dorida  
com' os lamentos que lanzan  
as probes almas cautivas.

Esperto, véxot' a tí,  
y-o sono que m' afrixia  
pason cal pasan-as sombras  
d' outono pol-as cortiñas.

Dam' un biquiño, unh' aperta  
miña adourada pombiña:  
¡así, así miña rula!  
¡así, así miña vida!

—¿Pro de verdá que te vas?

—Pensand' en tí noit' e dia.

—¿N-as d' esquencirme?

—¡Xamais!

—¿Volverás logo?

—¡Enseguida!

—¿Tí m' o prometes?

—¡Cho xuro!

—¿E s' outro amore...?

—¡N-a vida!

porqu' as mulleres alí  
non falan nosa lengüiña.

—Enton ¡que Dios t' acompañe!

—¡El te protexa, querida!

## III

Pois papel que d' o novio lle falare  
xamais chegóull' à nena,  
nin él desque se foy, segun se dí,  
por carta nin espreso sóubo d' ela.

N-a Habana, onde vivía, unha mañan,  
segun se dí n-aldea,  
entrou n-un hospital, y-alí morreu  
sin crego, nin quen d' él se condoera.

Desd' enton a rapaza qu' adouralo  
por sempre ll' ofrecera,  
chorando noit' e dia, din que fôise  
morrendo pouc' a pouco de tristeza.

E dicen que tamen n-aquela cruce  
ond' adios se dixeran,  
s' escoita dend' estonces n-alta noite:  
«¡Rapaces, non deixedes vos' aldea!»

As almas amiguiñas, diz que son,  
segun de todos crência,  
d' o rapaz y-a rapaza que vos deixo  
nomados n-esta lenda.

F. LOURIDO E SANCHEZ.

Ponce—Puerto Rico 1884.



## OS BURROS.

(MEMORIAS D' UN DOUTOR EN ASNACIA.)

## I

Escribo estes apuntes precurando non dispa-

rar couces ó sentido comun, maña que adequirin c' os rozamentos e tratos d' os ilustres burros d' o país n-a compañía d' un alcalde, e non d' o Carballiño, que me serviu de guía n-esta boricada.

Os burros non parecen o que son nin son o que parecen. Pensarán os que non viven afeitos á tratalos que son unhos animalinhos mansos e cachazudos. Pareceno cando van de viaxe pol-a mor de que non-os tangan; pol-o demais peccan d' avisados n-o tocantes a gardar ó pelexo e nin n-a cola teñen pelo de tontos. Son amigos de saír co-a sua com' os caciques, teñen un xenio enrabechado com' as sogras, dalles por se tirar ó verde com' os namorados, precuran traballar o menos que poden com' os que cobran d' o presupuesto, entrozepzan a miudo com' os gobernantes e si non tiran a carga que levan ás costas é porque non poden, com' os labregos.

Teñen difrentes nomes com' a xente de moito rango, e son conecidos por xumentos, asnos, pollinos e burros. Hainos tamen que se chaman garaños, burros país, como si dixéramos representantes en cortes d' a raza, pois d' a maneira que fan os nosos, ¡sacan cada cria...!

De se daren á política os burros, por mais que se tiran a esquerda, trotarian n-o partido conservador que é o de mais comenencias, o que ten mais tino de qu' o forraxe non falte n os pesbres, de que non devezan os pensos d' as credenciales y-o que conta c' o xefe mais perito n-eso de turrar pol-a corda, ou pol-o ronzal, como s' estila falando entre burros.

De seguir rexindo Cánovas o cotarro, cando menos un pense, alborótanse os burros, reclamando seus dereitos lexítimos á intervir n-os nagocios d' a cousa pública. Con menos motivo promoveron as verdadeiras algueiradas. Desconfiande sempre d' os burros qu' ó andaren non levan as orellas guichas. Agachalas é un modo que teñen d' acenar, pra darvos a entender que pensan en xugar unha mala pasada. ¡Cantos conezo eu que s' apearon pol-as orellas por non se fixaren n-as variacións e movementos d' estas duas veletas d' o ouservatorio meteorolóxico asnal! Sempre que agachen as orellas, velaivos que son burros.

De pouco val que os que viaxan n-estas cabalgaduras sayan armados de fungueiro pra lles dar unha malla n-o caso de que se pranten e non queiran seguir adelante.

Si un burro dice:—Non quero—non vos fientes en que as rapazas tamen o din en certos casos... e vánse deixando querer. Burro que se pranta o demo qu' o mova. Turrádelle d' o ronzal a mais non poder, mallándeo a paus como quen malla millo n-as eiras; como non pidandes axuda a sete homes e todos xuntos non carguendes co-el ó lombo, camiño real ou congosta, monte ou val, rio ou regato, alí onde un burro se deite, alí queda espatarralado.

Comen os burros pouco porque non lles dan mais: ó mesmo lle pasa a calquera bugallista rural.

Os burros tamen teñen os seus esparexementos com' os aristocratas aburridos. Cansos de faceren viaxes e de levaren cargas, cando os botan a pacer n-un lameiro pra que descansen, tumbanse a bartola a xeito de ministros en tempos calamitosos. Con se veren soltos, con teren a herba a rente d' os fociños, con emborcallárense n-o chau, con andaren a tumballadas pol-o lameiro adelante, n-unha d' esas tardes d' o mes de Santa-Cruz ou en calquera, que todol-os meses son bós pra encher a panza, dánse por satisfeitos e que por alí ll' as dean todas.

Como os soldados vellos ó cheiro d' a pólvora, alármanse os burros en ventando unha burra, y-é de ver e contar os ollos escarramelados que poñen. Conécenas pol-o trote, bótanse a elas a galope e despáchanas a escape.

Os primeiros síntomas d' os burros que ventan burras son erguerense d' as patas dianteiras, rinchar os dentes, manear o rabo e soltar un orneo: estos son os síntomas premonitorios; d' os demais non se fala, porque si se lles solta a taravilla...!

As reales órdes, regramentos, ordeanzas e instrucións pr' os burros non poden ser mais lacónicas; están encerradas n-un ¡vóo! dito en tono de mando. Outro tanto fixo Fernando VII c' os realistas que se lle desbocaron ó turrar pol-o seu coche. Pol-o mesmo sistema o notario de Pontareas manda á sua tropa lixeira. E páranse como si quedaran tesos, e nin a ornear pol-a calada s' estreven.

¡VAYA, VAYA, VAYA!

Porque dixen q' un alcalde qu' houbo n-a vila d' a rabia, de talento non ten miga nin n-a chola nin n-a facha, porque o tomei por un burro (por suposto fora a alma) non ten volta, n-a cadea metidiño estou de patas, como unha monxa entre ferros, com' un páxaro n-a xaula, sin ser páxaro nin monxa nin tan xiquera d' a casta. ¡Ay que tempos, que tempíños e que cousiñas me pasan! ¡Eu parolando c' os presos! ¡Vaya, vaya, vaya!

Alá lonxe n-as aldeas paresme qu' escoito a gaita, dando ó vento as armunias de muíneiras e alboradas; paresme que os mozos vexo n-a liorta d' as trulladas, bebendo xerras de viño e botando beilotadas n-os turreiros d' as romaxes por onde gozan e campan;

paresme que escoito as nenas  
 que con doce voz me chaman,  
 que me miran c' os seus ollos  
 que amor e pracer alampañ,  
 e que me din muy quedíño,  
 como falando co-as faldras:  
 «Aconchéguese, Tio Márcos,  
 non s' esconda d' as rapazas,  
 qu' anque vello acabadiño  
 inda non perdeu as mañas;  
 fáganos d' aquelas cóxegas  
 que vosté ben sabe: fáganolas.»  
 É logo qu' o maordomo  
 con leda, riseira cara,  
 ven a rogarme que molle  
 con dous netos a palabra,  
 e que me piden as vellas  
 xa coma min engurradas  
 que lles conte moitos contos  
 de bruxas e de pantasma,  
 e que sentado n-a pedra  
 d' a porta, baixo d' a parra  
 brincando rebulideiros  
 con legria y-algazara,  
 cal os pitos qu' arredor  
 d' a galiña todos andan,  
 veñen cantos pequerrechos  
 comen n-aldea e non calzan,  
 pra que lles dé pra rosquillas  
 ou pra cireixas si cadra,  
 ou non habendo cireixas  
 pra calquer cousa que haxa,  
 sempre qu' a cousa que vendan  
 pique un pouco en lambiscada,  
 e dempois ¡mala centella!  
 ¡Dempois qué? ¡Rayol-os partan!  
 ¡Si me teñen n-a gayola  
 e non podo facer nada,  
 nin me deixan pol-as festas  
 troulear ás miñas anchas  
 nin vivir entr' os labregos  
 nin brincar entr' as rapazas!  
 Unhos ferros, fortes ferros  
 o meu corpiño atarazan  
 y-o preso corpo non pode  
 ir á donde quer a yalma.  
 Sempre o mesmo, a eterna loita,  
 a sede que non se apaga,  
 o afan que non dorme nunca,  
 a amor que non perde as áas,  
 a materia tendo ó espritu  
 encerrado n-unha xaula,  
 y-ela tras d' unhas paredes  
 tamen, tamen encerrada...  
 ¡Por onde me deu agora!  
 ¡Vaya, vaya, vaya!

¡O Tio Márcos á filósefo  
 metido d' unha asentada  
 pol-a mor de catro reixas  
 postas por un albarda!  
 Pero non sei á que veñen  
 estas queixas y-estas bágoas,

volvendo á campar de libre  
 dentro de cinco semanas.  
 O esbaido qu' eiquí collo  
 eino escorrentar co-as augas  
 d' o rio d' o Carballiño,  
 ô qu' Arenteiro lle chaman.  
 Han de volver os meus ollos  
 á contemplar ás rapazas  
 qu' alá son pior qu' ô demo,  
 por mais que parecen santas,  
 que son n-o atentar maestras,  
 e son en revoltas, sábeas,  
 que botan en parrafeos  
 como en canizos castañas,  
 e que chuscan os olliños  
 c' un aquel e c' unha gracia  
 que fan reloucar de gozo  
 e mais derreter de ansias:  
 ei volver si Diol-o quere  
 á runflar n-as suas trulladas,  
 á beber pol-as suas xerras  
 y-a visitar as suas casas,  
 onde teño bôs amigos  
 e millores camaradas  
 onde hastr' o Patán me quere,  
 y-onde a Maripepa baila,  
 si levantando unha perna  
 fago qu' o turreiro saya.  
 Ei d' ouvir com' os foguetes  
 pol-os airiños estralañ,  
 e como cantan os cregos  
 e se queiman as madamas,  
 e como ruben os grobos  
 e reloucan as campanas;  
 ei facer con qu' o gaitero  
 arrinque d' o fol d' a gaita  
 e d' o punteiro e d' o ronco  
 pra min unhas fuliadas  
 d' as que nunca se tocaron  
 nin se ouviron en España.  
 Mollaremos a palleta  
 mau a mau por unha xarra,  
 y-aixiña de qu' a mollemos  
 y-acabando de mollala,  
 pedireille que me toque  
 aló n-a vila d' a rabia  
 un hino de Riego enxebre  
 posto en múseca pra gaita,  
 qu' é hino d' os homes libres  
 n-a nosa querida pátria.  
 E que veña o Falparron  
 dempois si quere a empatarma!  
 Si o fai, c' a moca que levo  
 heille fendel-a cabaza,  
 que non son d' os que duas veces  
 cayó n-unha mesma trapa:  
 n-a primeira pol-o nova,  
 dempois pol-a catalana,  
 e sobre todo c' as bestas  
 non hay que gastar palabras.  
 ¡Pra burro abundou, resoño!  
 ¡Vaya, vaya, vaya!

## CASOS E COUSAS



Eiquí n-a cadea deberan estar engayolados pra sempre os empregados de correos que teñen as maus tan lixeiras que achantan os parrafeos dinantes que cheguen a poder de quen os paga.

D' estes leutores de gorra están inzadas moitas vilas e aldeas.

¿Por qué se queixan de Vigo, de Benavente, de Betanzos, de Freás d' Eiras e de todol-os curunchos d' esta barafunda que se lembra España?

¡Hastra se perden dend' Ourense á estacion d' o ferrocarril d' a Ponte!

Co-estas axudiñas calquera pode botar vacas á medro.

¡Ay si se lles volveran as letras microbios n-a faltriqueira!

Foi o fogo artificial que se queimou n-o San Roque un desinfectante enxebre pol-o fume e pol-o xofre. Sí cravar as lamparillas n-os cravos d' aqueles postes pra que ardan como cadre e cando queiran estoupen é ser un bõ piroténico ¡qu' inda o demo m' escazola si non fago eu en foguetes como quen sementa coles!

Dous linterneiros d' esta vila foron á feira de Xinzo, e pol-a mor de quen habia vender mais, armaron unha disputa e déronse de lufiadas.

Non faltou quen aldraxase o feito d' os que traballan en follalata.

Pra min non andiveron tan descamiñados. ¿Son ou non son linterneiros? Sono. Pois estonces ¿qué mil xuncras ten de estrano qu' andivesen a linternazos?

D' un militar a señora pescou n-unha mesma cama o asistente d' o seu home o canto d' a sua criada. Trouxo cravos e martillo y-a porta cravou ufana. O asistente que tal viu estarricou as duas patas, ergueu os hombreiros supito,

deu media volta n-a cama, e dixo con moita frema: «Como non me crave a criada!...»

A min tamen me tocou o meu anaquiño de festas de San Roque. Moitos compañeiros de mouteira y-algus gardas civís d' as vilas e d' as aldeas veciñas e hastra de lonxe viñeron a verme a chirona.

A noite d' a fuliada a banda de múseca agasalloume c' unha sereata, tal e como si fose un ministro que, contr' a costume d' a nosa pátria, estivese entr' as reixas.

Pol-a mañanciña cedo espartáronme regaladamente os ouvidos c' unha alborada os relembrados gaiteiros de Ventosela e Beade, Xan Miguez e Xan Amil, dous Xas que non-o son n-o tocantes a facer falal-a gaita, e d' os que me penso acupar mais adiante n-un parrafeo.

Tanto lles agradecin a todos estas mostras de cariño e d' entusiasmo pol-a nosa terra, que cuasemente se m' engradaron os ollos.

¡Hastra me deron vivas!

O dito, non acabo de caer d' a burra embaixo cando penso n-o por qué me teñen n-a gayola. Sei solamentes que cain d' o burro, e que foi n-o Carballiño.

Os xigantes n-as festas de San Roque andiveron pol-as ruas en traxe de chinos.

N-a funcion de pirotenia houbo fogo chinésco de sobras por enriba, por embaixo é pol-as veiras. ¡Trátannos com' a chinos!

A iluminacion d' o Liceo Recreo, tan artística como esprandecente, lonxe de ser pol-o chino foi pol-o árabe.

Como si dixéramos pol-o morito.



## CORREO D' O TIO MARCOS.

D. A. Q., Barcelona.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xaneiro d' o ano que ven.

D. P. M. R., Peares.—Recibin seis reás pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de Novembre.

D. D. M., Viana.—Recibin duas pesetas pol-a sua suscripcion hastra fin de Febreiro d' o ano que ven.

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE.

Alba 15, baixo.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA

### PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

#### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

#### ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçións é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.  
— Os pagos faranse en letras d' o xirc.

## A COMPETIDORA D' A NEVE

### GRAN FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rua de San Miguel, 16, baixo, conserxeria d' a Union—OURENSE

Non terlle medo a raxeira  
d' o sol, nin tampouco ó colera  
namentres haxa n-a Union  
os sifos de gaseosas;  
con levar n-a faltriqueira  
dez cadelas en dez rodas,  
pidir an sifon, e darlle  
a un gancho que ten á volta,  
pol-o canuto dianteiro  
sai un auga que consola,  
e fresquiña como a neve  
anque parès que afervea:  
far ó bebela, n-os labeos  
non sei que xuncras de cóxegas,

que parès que os anxeliños  
as maus n-os poñen n-a boca;  
tanto n-os refresca e prace  
cando pasa pol-a gorxa,  
que asemella a auga d' o ceo  
que por embudo n-os botan,  
e caí d' un xeito n-o estomago  
qu' o refrixera e conforta.  
Non houbo un home n-o mundo,  
que bebendo gaseosa  
mórrese de indixestion  
ou sentise a sede loba.  
porque vos é unha bebida  
que com' ela non hay outra.

